LAZZARO FELICE

[Alice Rohrwacher, 2018, Italia, 130 min., VOSE]

Lingua **Italiano**
Dirección e guión **Alice Rohrwacher**
Montaxe **Nelly Quettier**
Fotografía **Hélène Louvart**
Son **Christophe Giovannoni**
Música **Piero Crucitti**
Elenco **Adriano Tardiolo, Agnese Graziani, Luca Chikovani, Alba Rohrwacher, Sergi López, Natalino Balasso, Tommaso Ragno, Nicoletta Braschi, Leonardo Nigro**
Produción **Tempesta, Amka Films Productions, Ad Vitam Production**
Distribución **Vértigo Films**
Galardóns **Mellor Guión Ex-Aequo (Cannes 2018)**
Premio Especial do Xurado e do Xurado Novo (Sitges 2018)

Lazzaro, un rapaz labrego de excepcional bondade, vive en La Inviolata, unha aldea que ficou afastada do mundo e é controlada pola Marquesa Alfonsina de Luna. Alí, a vida dos campesiños non mudou nada: son explotados e, á súa vez, abusan da bondade de Lazzaro. Un verán, faise amigo de Tancredi, o fillo da Marquesa. Entre eles xorde unha amizade tan preciosa que fará viaxar a Lazzaro a través do tempo.

NOVEMBRO

As sesións do mes de novembro comezarán o martes 7.

Farémosvos chegar a programación polas vías habituais coa maior brevidade posible.

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

cineclubepontevedra.blogspot.com.es

cineclubepontevedra

CineclubePo

Coa colaboración de:

Concello de Pontevedra

FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

FS #194
24.10.2023

LAZZARO FELICE

ALICE ROHRWACHER

CINECLUBE PONTEVEDRA

LAZZARO FELICE POR ALICE ROHRWACHER

Lazzaro Felice é a historia dunha santidade menor, sen milagres, sen poderes ou superpoderes. Sen efectos especiais. É a virtude de vivir neste mundo sen pensar mal de ninguén, de simplemente crer nos seres humanos. Porque outro camiño é posible, o da bondade, ignorado polos homes, pero que sempre reaparece para os cuestionar. Algo que puido ser pero que nin nos atrevemos a desexar.

Viaxando polo meu país coñecín moitos Lazzaro, persoas que describiría como boas en esencia e por natureza, sen selo voluntariamente. Simplemente son así, e esa cualidade fai que fiquen en segundo plano para deixarlles espazo aos demais e non molestar nin facerse notar. Non poden chamar a atención, nin saben como facelo. Son eles os que realizan os traballos máis ingratos da humanidade, resolvendo os conflitos e ordeando as cousas que os outros distraídamente pasan por alto, sen que ninguén valore a súa intervención. Os libros e os filmes falan sobre o destino dos heroes que loitan contra a inxustiza, que lles fai transformárense: queren mudar o mundo! Pero o noso Lazzaro non pode mudar o mundo e a súa santidade non pode ser valorada. Imaxinamos estas persoas santas como fortes e carismáticas, capaces de se impoñeren. Pero eu non creo que a santidade estea necesariamente asociada ao carisma. Creo que se un santo aparecese hoxe en día coa súa forma inusual de existir, se aparecese nas nosas vidas modernas, talvez nin o recoñeceriamos e mesmo nos librariamos del sen pensalo dúas veces. Estamos falando aquí dun tipo de relixión baseada na humanidade, non dunha relixión oficial ben administrada por togas deslumbrantes e normas semanais.

Quería usar as aventuras de Lazzaro para contar, o máis amablemente posible e con amor e humor, a traxedia que devastou o meu país, isto é, o paso dunha idade media histórica a unha idade media humana: o final da civilización rural, a migración aos límites da cidade de miles de persoas que non coñecían nada da modernidade e a súa incapacidade para sobreviviren. Un mundo onde a explotación é grotesca e rudimentaria, que chega ao seu fin e se transforma nun mundo novo, onde a explotación é simplemente máis brillante e atractiva.

Para construír a historia inspireime nunha nova da vida real que me chamou moito a atención: un episodio no que unha marquesa no centro de Italia obrigou á reclusión dos campesiños das súas terras para que ignorasen que a parcería fora prohibida. Cando en 1982 os acordos de parcería aínda vixentes se converteron en arrendamentos ou traballo remunerado, ela finxiu que nada ocorrera. Así, durante algúns anos o seu campesiñado continuou vivindo en condicións case de servidume, mesmo cando a abolición da parcería transformaba séculos ou milenios de explotación en contratos de igualdade de condicións regulados por leis do estado. Sempre me conmoveu fondamente a historia deste campesiñado que chegou tarde a esta cita coa historia. Un extracto de xornal que puiden esquecer ao seguinte día pero que permaneceu na miña memoria como testemuño daquel grande engano.

Mesmo máis que nos meus anteriores filmes, en *Lazzaro Felice*, decidimos experimentar co xénero da fábula, con todas as súas inconsistencias, misterios e recorrencias, os seus heroes e viláns. A fábula e o seu simbolismo, visto non como unha abstracción etérea ou unha promesa de aventuras nebulosas e sobrehumanas, senón como un gancho entre a realidade e outra capa do ser: da vida nacen os símbolos, tan profundos e con tanto detalle que se converten na vida de todos, na vida dun país, Italia, e da súa transformación. A historia é sempre a mesma: unha historia de renacemento, de Ave Fénix, e da inocencia que, malia todo e todos, volve para nos perseguir e atormentar. Os personaxes son fantásticos pero reais, así como os lugares son fantásticos pero reais, no máis duro significado do termo.

Rodamos o filme no verán e inverno de 2017. A primeira parte entre Vetriolo e Bagnoregio, cerca de Viterbo e Castel Giorgo, na provincia de Terni. A segunda parte en Milán, Turín e Civitavecchia. Como poden lugares que están tan separados fisicamente pertencer á mesma xeografía? Normalmente dividimos Italia en norte e sur, pero creo que as grandes diferenzas xa non se atopan nese eixe vertical, senón entre o interior e o exterior, entre un núcleo montañoso e as cidades costeiras. Migracións e movementos de persoas que pasan dunha realidade illada a unha aberta. Xa non son verticais, senón que proveñen de todas as direccións: oblicua, torcida, horizontal, para debuxar unha paisaxe cada vez máis ampla e complexa. Como nos meus filmes anteriores, rodamos en Super 16 mm. A elección non se fixo por razóns de estilo ou nostalxia, senón polo encanto dunha tecnoloxía fantástica que influe na metodoloxía de traballo. Mentres filmamos, todos estamos moi concentrados e debemos coidar moito o noso traballo. Nada é casual e todo está coidadosamente preparado e ensaiado, aínda que poida parecer que se improvisa. Malia todo, o medio conserva todo o seu misterio e impacto: non hai control total sobre as imaxes e o resultado é sempre unha sorprendente combinación da flexibilidade do filme exposto, da cámara correndo e da nosa gravación. Existe tamén unha lentitude, debido ás expectativas polas présas do día a día, un segredo sobre quen fai cada cousa que na miña opinión preserva mellor o filme. Nesta época de asfixia polo replicado e replicable das imaxes, o cinema aínda pode destilar, alimentar e xogar coa vista, sorprenderse e sorprendernos.

Recollido do pressbook do filme.
Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.